



SOCIEDAD DE MONTAÑA

ARTABROS

VETERANOS ACTIVOS

**ILLA DE SÁLVORA—PARQUE
NATURAL ILLAS ATLÁNTICAS**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

VISITA AO MUSEO DAS SALGADEIRAS (Pontevedra)

MÉRCORES 5 DE XULLO DE 2023

PRESENTACIÓN

Este mes de xullo faremos unha visita a illa de Sálvora, unha das máis coñecidas pola canción, e descoñecidas pola súa lonxanía no medio da ría de Arousa. Xa visitámola en xuño do 2019 no Coñece e Camiña. Gustounos tanto que ímola a repetir cos Veteranos Activos.

A visita levaranos toda a mañá. Pola tarde, faremos unha pequena rota por San Vicente do Grove, e aproveitaremos para visitar o pequeno **Museo das Salgadeiras de Moreiras**, adicado a elaboración de sardiñas en salgadura, e das artes de pesca. <https://www.visitosalnes.com/o-grove/museo-do-salazon/>

PROGRAMA

Sairemos as **8 HORAS**, coas paradas habituais. Sobre as 9,45 h chegaremos ao porto do Grove. Breve tempo para ir o baño. Sobre as 10-10,15 h colleremos o barco de Cruceiros Anxo, que nos levará á Illa de Sálvora en 40 minutos. As 11,15 h realizaremos a visita guiada á illa. Estaremos ata as 14 h, aproximadamente. Na viaxe de regreso, gozaremos da comida incluída na inscrición (mexillóns o vapor, arroz con marisco, bebidas, sobremesa e café). Sobre as 15,30 h chegaremos ao Porto do Grove.

Pola tarde, realizaremos unha pequena rota (7km) por San Vicente do Grove. De camiño pararemos para visitar o Museo das Salgadeiras. O remate, faremos outro pequeno treito ata onde nos recollerá o bus.

ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA

É un conxunto de illas formada pola de Sálvora e un gran número de illotes como Vionta, Noro, Herboza, Sagres etc. Atópase situado na boca da Ría de Arousa, pertencendo ao concello de Ribeira. Ten unha superficie de 2557 hectáreas. <https://illasatlanticas.gal/gl/visita-ou-parque/visita-salvora>. Conforman un labirinto rochoso que protexe a entrada norte da Ría de Arousa. Entre eles destaca a gran mole granítica de Noro e as abruptas Sagres. Por contra, a propia illa, presenta unha paisaxe relativamente chá onde dominan as praias e dunas e vos

pequenos bloques graníticos arredondados chamados birlos. Cara ao norte da illa atópase a aldea de Sálvora, testemuña muda doutro tempo non cal a illa estivo habitada. O faro, ata hai pouco gardado por fareiros, sinaliza esta perigosa zona onde aconteceron numerosos naufraxios como o do vapor Santa Isabel en 1921.

Guía: David Jove

INSCRICIÓNS

Socios: 35€ (barco e comida)+2€(museo)+3€(bus) = **40€** **Non socios:** 35€(barco e comida)+2€(museo)+ 5€ (bus)= **42€**.

Faráanse por correo-e, teléfono, o nas oficinas do club. Haberá que agardar a confirmación da praza para facer o ingreso. Nº de conta: **ES25-2080 5565 0030 4000 2362**

Clave para poñer na referencia do ingreso: **71200406**.

Devolveráse a inscrición cancelada ata unha semán antes da saída, enviando un correo-e para que conste a data, e avisando por teléfono se é posible.

Importante. Para entrar na illa de Sálvora, hai que facer unha solicitude a Xunta que tramita a navieira. Para inscrición tedes que darnos, nome completo, nº dni e data de nacemento.

DATOS DE ÁRTABROS

r/Santa Tareixa, 14-baixo. 15002 A Coruña Teléfono: 981 21 31 15. artabros@artabros.org. Horario. De luns a xoves de 20 a 22 horas. Vernes de 18 a 20 horas

HORA E LUGAR DE COLLIDA DO BUS

Sairase as 8 horas do Pavillón de Deportes de Riazor, con paradas en Xoan Flórez, Avda.de Alfonso Molina e Carrefour. A chegada nos mesmos lugares, salvo vos que suban en Xoan Flórez, que baixarán en Catro Camiños.

PRÓXIMAS RUTAS

13 Setembro. Veteranos Activos. Rta.Alimiñas-Pontecaldelas (Pontevedra).

17 Setembro. Coñece e Camiña. Santa Leocadia-Mazaricos (A Coruña)

27 Setembro.Veteranos Activos. Río Ouro-Foz

